

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DIA 30 DE NOVEMBRO DO 2009.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 23 de novembro do dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Emilio J. Cuiñas Otero e Don. Ignacio Gómez Pérez -

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 23 de novembro de 2009 (Ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

Non houbo..

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

Os membros da Xunta de Goberno Local toman coñecemento dos seguintes:

1.-Escrito da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de data 10 de novembro do 2009, con R.E. 7058 onde se solicita informe sobre licenza municipal de apertura e, se a licenza está adaptada ao Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG No. 245, do 20 de decembro).

2.-Escrito da Deputación Provincial de Ourense,de data 25 de novembro do 2009,con R.E 7256 ,relativo a adhesión ao convenio marco para a contratación de choferes con maquinas rozadoras.

Visto o convenio marco para a concesión de subvencións da Deputación Provincial de Ourense a concellos e mancomunidades para a contratación de choferes de máquinas rozadoras durante o ano 2010, aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial con data 13 de novembro, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus

membros adherirse ao citado convenio, facultando ao Sr. Alcalde para a asinatura do mesmo.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **APROBACIÓN DE PROXECTO.-**

Dase conta por parte do Sr. Alcalde do proxecto de “*RECUPERACIÓN DE TRAMO DE MURALLA EN EXTRAMUROS Y ELIMINACIÓN DE LA COLONIZACIÓN BIOLÓGICA DEL CASTILLO DE LOS SARMIENTOS*” redactado polos arquitectos Don Miguel Angel Calvo M<sup>a</sup> Jesús Blancoe con un presuposto de execucion material de 152.586,21€ e cun total de presuposto de execucion de contrata de 177.000,00€.

No expediente constan os seguintes documentos:

1º.-Acta de replanteo de data outubrodo 2009 realizada polos arquitectos redactores Don Miguel Angel Calvo e M<sup>a</sup> Jesús Blanco

2º- Informe de data 27.11.09 que respecto do proxecto fai a seguinte consideración:  
*.Antes do inicio das obras se precisa autorizacio de Patrimonio ao actuarse sobre un elemento protexido.*

2º- Informe de data30.11.09 sobre consignación orzamentaria.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a adxudicación do contrato de redacción do proxecto “*RECUPERACIÓN DE TRAMO DE MURALLA EN EXTRAMUROS Y ELIMINACIÓN DE LA COLONIZACIÓN BIOLÓGICA DEL CASTILLO DE LOS SARMIENTOS*” a Don Miguel Angel Calvo e M<sup>a</sup> Jesús Blanco por importe de 13.444,80 e a aprobación do proxecto citado.

### **CONTRATACION MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.-**

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa a aprobación do expediente de contratación do procedemento negociado sen publicidade de “*RECUPERACIÓN DE TRAMO DE MURALLA EN EXTRAMUROS Y ELIMINACIÓN DE LA COLONIZACIÓN BIOLÓGICA DEL CASTILLO DE LOS SARMIENTOS*”.

No expediente constan os seguintes elementos:

1º- Proxecto de data novembrodo 2009 denominado “*RECUPERACIÓN DE TRAMO DE MURALLA EN EXTRAMUROS Y ELIMINACIÓN DE LA COLONIZACIÓN BIOLÓGICA DEL CASTILLO DE LOS SARMIENTOS*”, elaborado polos arquitectos Don Miguel Angel Calvo e M<sup>a</sup> Jesús Blanco

2º- Proposta de alcaldía de data 27.11.09 en cumprimento do art. 22 da Lei 30/2007.

3º-. Acta de replanteo de data outubrodo 2009 realizada polos arquitectos redactores Don Miguel Angel Calvo e M<sup>a</sup> Jesús Blanco.

4º- Informe de Secretaría de data 27.11.09 no que se fan as seguintes consideracións:

1ª. De conformidade cos artigos 107 e 126 e seguintes da Lei de Contratos , no expediente debe constar o correspondente proxecto que en determinados casos se poderá simplificar de acordo co art. 107.2º de Lei 30/2007,pero que en ningún caso se poderá substituir o proxecto por unha memoria. Consta a correspondente acta de replanteo de data outubro.09 comprobando a realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos para a súa execución.

2ª. No expediente consta o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que cumpre os requisitos da normativa contractual, a xuízo desta Secretaría.

3ª. Antes da adopción do acordo polo órgano competente, procede á emisión de informe de existencia de consignación orzamentaria, sen prexuízo da fiscalización de legalidade por parte da Intervención municipal de acordo co art. 93 da Lei 30/2007.

4ª. A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para proceder á aprobación do expediente de contratación conforme ao establecido no Decreto de Delegación de competencias de Alcaldía en Xunta de Goberno.

5ª. Unha vez aprobado o expediente de contratación, procederase a publicación no perfil do contratante sen que sexa necesaria a publicación nos BOP e no DOGA posto que de acordo co informe 5/2008 da Xunta consultiva de contratación administrativa de Galicia, o art.326 da Lei 5/1997(LALGA) sinala que todos os procedementos para adxudicación dos contratos se publicarán no BOP e no DOGA a excepción dos negociados.

6ª. Respecto do prazo para presentación de proposicións de conformidade cos artigos 161.3 en relación co 148.2 da LCSP este será dun mínimo de 10 días para presentar ofertas dende a publicación do anuncio no perfil do contratante,aínda que no caso concreto ao tratarse dunha tramitación urxente se pode reducir a metade.

7ª. De conformidade co art. 295 paragrafo 1º nos procedementos negociados que esixan publicidade será preceptiva a constitución da mesa de contratación.

8ª. En principio procedería á publicación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de conformidade co artigo 122 do T.R.R.L. en relación coa STS de 22-06-04, non obstante, a nova Lei 30/2007 deroga expresamente o art. 122 do TRRL de xeito que os pregos non son obxeto de publicación

9ª. Antes do inicio das obras se precisa autorizacio de Patrimonio ao actuarse sobre un elemento protexido.

**CONCLUSIÓNS.-**

*Infórmase favorablemente en canto á legalidade do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no referido á inclusión da correcta documentación no expediente de contratación. Antes do inicio das obras debe constar a autorización de Patrimonio*

5º- Informe de intervención de data 30.11.09 no que se fan as seguintes consideracións:

**INFORME**

**PRIMERO.-** *El expediente que se propone para su aprobación versa sobre la autorización de un gasto, por un importe total de 177.000 euros cuyo objeto es financiar la obra referenciada en el epígrafe.*

**SEGUNDO.-** *Que en el Presupuesto General aprobado para el ejercicio 2009 por el Ayuntamiento de Ribadavia, en la partida presupuestaria 751.60100 (CE.02.2009), existe consignación suficiente para autorizar el gasto objeto de contratación.*

*Por todo lo expuesto, cabe concluir que, en relación con la actuación que se pretende llevar a cabo, con las salvedades se informa favorablemente*

6º.- Prego de Clausulas Administrativas Particulares de data 09.01.09.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1º.- Aprobar o expediente de contratación conforme as previsións dos artigos 93 e disposición adicional 2º da L.C.S.P..

2º.- Aprobar un gasto por importe de 177.000,000€.

3º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, abrir a fase de licitación mediante invitación a tres empresas e publicación no perfil do contratante.

**CERTIFICACIÓN Nº 1 E FINAL DA OBRA DENOMINADA RAMPA DE ACCESO E ADAPTACION DE BAÑOS NA CASA DONA NONA PARA CSS/Edf. ADMINISTRATIVO.-**

Consta informe do Servicio de Intervención de data 30.11.09.

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 1 e final da obra denominada “Rampa de acceso e adaptación de baños na casa Dona Nona para CSS/Edf. Administrativo”, redactada polo técnico director da obra Dona Mercedes Alvarez López e Dona Paula Alfonso Laya, executada pola empresa Construccións Vázquez Fidalgo S.L. por un importe total de 39.776,37 euros.

A Xunta de Goberno Local unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 1 e final, anteriormente indicada por importe de 39.776,37 euros.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Construcciones Vázquez Fidalgo S.L., co nº 23 , de data 26.11.09, pola mesma cantidade.”

3º.- Que se remita o acordo a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.”

**NOMEAMENTO DE AVOGADO.**

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros nomear como avogado a Don Angel Pazos Huete nos seguintes procedementos sustanciados ante o xulgado número 2 de Ourense:

- 1.-Procedemento ordinario 326/09 no que actua como demandante a empresa Sogama.
- 2.-Procemento ordinario 305/09 no que actua como demandante a empresa Gestima.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO